

CÓRGOMO ARTE XI “FRAGMENTA”

BASES DA CONVOCATORIA

Córgomo Arte nace da inquietude dun grupo de artistas valdeorreses que deciden abrir as portas da súa casa para crear un espazo aberto ó disfrute da arte.

Córgomo Arte é un proxecto que xurde da necesidade de crear un espazo de encontro e de diálogo para os artistas da comarca de Valdeorras, un lugar donde poder amosar as súas creacións e disfrutar libremente da arte e, ó mesmo tempo, usar a arte como medio para dinamizar a acción cultural no rural.

1.- PARTICIPANTES: Poden concorrer a esta convocatoria todos os artistas que o desexen. O certame está aberto a artistas de diferentes disciplinas (pintura, escultura, debuxo, instalación, fotografía, videocreación,...)

2.- OBRAS: cada participante poderá presentar ata un máximo de dúas obras. No caso de tratarse dunha instalación, so se admitirá unha.

3.- TEMÁTICA:

[*fragmentum, fragmenta* (pl.): (latín) fragmento, pedazo, peza, anaco]

“Todo cambia, nada é”, dicía Heráclito. A consciencia do cambio foi obxecto de discusión xa desde a Antigüidade. Mudar é parte implícida do existir, mais as esixencias do inmediato, a aceleración á que nos vemos sometidos no cotiá, alónxanos cada vez máis de nós mesmos, converténdonos nun produto de consumo máis en competencia no mercantilismo salvaxe que nos consume. Participamos dunha sociedade que nos devora e á vez nos canibaliza, que nos deshumaniza e nos allea dos demais. O filósofo alemán Georg Simmel dicía que todos somos fragmentos, non xa dunha globalidade, senón de nós mesmos.

O espello devólvenos esparexidos os fragmentos dunha imaxe deformada que non somos capaces de volver a unir. Todo cambia e nada seguimos sendo, egos illados, baleiros, manexables e manipulables polos engraxes do sistema.

Nesta edición reclamámonos como persoas, individuxs complexos, diferentes e ata diverxentes, mais aínda así, capaces de ser co outrx e sanear os males que corrompen o tempo que nos tocou vivir.

4. - SOLICITUDE: os participantes enviarán unha breve descrición da/-s obra/-s presentada/-s, na que se xustificará ou se establecerá unha relación entre a peza/-s e a temática escollida para a presente edición. Deberán constar os datos técnicos da obra (título, técnica, medidas) e adxuntarse unha fotografía da mesma. Asimesmo, incluíranse os datos persoais e de contacto do

artista (nome, dirección, mail e tfno. de contacto). A documentación será enviada á dirección de correo corgomoarte@gmail.com.

4. – PRAZO: O prazo máximo de presentación de solicitudes rematará o venres 24 de novembro de 2023, as 00.00 h.

5.- COMITÉ DE SELECCIÓN: A selección das obras estará ó cargo das comité organizador do certame. Valorarase a calidade da obra e a súa adecuación ó tema escollido para a presente edición. Os artistas seleccionados serán notificados por correo electrónico e a través do seu tfno. de contacto.

5.- DATAS: Os artistas seleccionados deberán facerse cargo do transporte das obras ás instalacións de Córdomo Arte, tendo como data límite o venres 1 de decembro de 2023. A inauguración de Córdomo Arte XI “Fragmenta” será o sábado 9 de decembro de 2023 e as súas portas permanecerán abertas ata o domingo 7 de xaneiro de 2024.

7.- DEREITOS E DEBERES: A organización do certame non se fará cargo transporte das obra. As obras realizadas para a presente convocatoria serán propiedade dos creadores, polo que unha vez finalizada a mostra estes disporán de 20 días para retiralas.

Os participantes deberán aportar a cantidade de 50 € para custear a cartelería e os materiais de difusión e de montaxe da mostra. Os artistas seleccionados farán entrega desta cantidade no mesmo momento no que deixen as súas pezas na sede do certame para a súa montaxe.

Silvia Fiallega Lorenzo

Comisaria de Córdomo Arte XI “Fragmenta”

Córdomo, Vilamartín de Valdeorras, a 3 de novembro de 2023.